

VISITA AO BARRIO DA PORTELA Redondela

Elaborado polo alumnado do

IES Pedro Floriani



ACOMPÁÑATE
NO CAMIÑO

O barrio da Portela pertence á parroquia de Cedeira, e está comunicado co centro de Redondela por un paseo de madeira construído no ano 2010 que discorre ao longo da desembocadura do río Alvedosa, cunha lonxitude de aproximadamente 1,5 quilómetros.

Desde o punto de vista ambiental, a zona da Portela, onde conflúen os tres principais ríos do concello (Alvedosa, Maceiras e Pexegueiro) é un lugar único. Isto é debido, entre outras cousas, ao feito de que durante a baixamar a superficie acuática da enseada pode verse reducida nun 25%, quedando ao descuberto unha extensa zona de chairas areosas e lamacentas. Esta privilexiada zona intermareal acolle un promedio de 6.000 aves acuáticas de dúcias de especies diferentes, ademais de moluscos bivalvos, algas ou pequenos crustáceos.



En canto ao patrimonio cultural, un dos monumentos máis interesantes desta zona é o chamado "*pantalán dos carabineiros*", un dos peiraos máis antigos que se conservan na ría de Vigo.

Este peirao de pedra, rehabilitado recentemente, foi construído na segunda metade do século XVIII e formaba parte dun camiño polo litoral desde Redondela ata Vigo. Na súa construción participaron empresarios cataláns que instalaron na zona unha fábrica de salgadura. O nome de "*pantalán dos carabineiros*" chegaríalle máis tarde, da man dun posto do exército instalado na zona. Outro dos nomes que recibe é "*molle dos franceses*", xa que contan que de alí partiron os mariñeiros con canóns tapados para loitar na batalla de Ponte Sampaio.



No que respecta ao patrimonio industrial, A Portela contou, como xa mencionamos, cunha salgadeira, instalada en torno a 1728 e vencellada coa construción do porto. Actualmente os restos da fábrica pertencen a unha casa privada e atópanse en condicións semirruinosas.

Ademais, en 1920 instalouse na Portela a empresa **Electro Metalúrgica Galega**, na que se implantaría nos anos 30 a **Fundición Santa Elena**. Máis tarde, debido en parte ao illamento sufrido por España trala Segunda Guerra Mundial, creárase alí a **Industria Metalífera Española, S.A.**, que chegou a dar emprego a unhas 200 persoas. A empresa suspendería definitivamente a súa actividade en 1957.

Na actualidade, nese lugar hai un complexo residencial de titularidade privada, non sen certa polémica polo lugar no que está situado.




O doutor Eduardo Martínez e o nazismo

Xunto con todo isto, debemos mencionar un episodio da historia recente relativamente descoñecido pero de gran importancia desde o punto de vista humanitario: na zona da Portela estivo operativo durante a Segunda Guerra Mundial un punto de acollida e paso grazas ao cal miles de xudeus e outros refuxiados puideron escapar da barbarie fascista.

É a historia do doutor **Eduardo Martínez Alonso**, colaborador do MI6 británico, que cedeu a casa que a súa familia posuía nesta zona como lugar seguro previo á saída nos barcos da Royal Navy. Dous mariñeiros da zona aproveitaban as noites nubradas e sen lúa para levar aos fuxidos na súa dorna ata os barcos británicos fondeados mar adentro que **Patricia Martínez de Vicente**, filla do doutor, relata en "*La clave embassy*".

Sen dúbida, unha fermosa historia de humanidade e solidariedade.



Metrominuto do roteiro

Casa do Dr. Martínez na Portela



Recursos bibliográficos:
Martínez de Vicente, Patricia (2010)
La clave embassy;
La esfera de los libros, Madrid.

Recursos web:
asociacionbuxa.com
elcorreogallego.es

SOAR  Sociedade
de Amigos de
Redondela



Xacobeo 2021